

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria

NÚMERO: 2023/19

DATA: mércores 11 de outubro de 2023

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:02 h

HORA DE REMATE: 20:19 h

PRESIDE JULIAN BUSTELO ABUIN

SECRETARÍA ACCIDENTAL VANESSA REBOREDO FRAGA, que redacto esta acta.

### ASISTEN

#### **BNG**

XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA  
SARELA BETANZOS FREIRE

#### **PP**

ANTONIO ISORNA VICENTE  
RAMÓN VICENTE VICENTE  
MARÍA ELENA ABUÍN CAROU  
JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE

#### **PSdeG-PSOE**

MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO  
TAMARA GARCIA MUÑÍZ incorporase as 20:03 h  
MARÍA ELENA OTERO OTERO

#### **Rianxo en Común**

JULIO ALCALDE HERMO  
JOSÉ ALBERTO ANGUEIRA GÓMEZ  
ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO

### AUSENTES

PP - ALICIA CAROU ROMERO  
Rianxo en Común - OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO  
PSdeG-PSOE - OSCAR RIAL LAGO  
PSdeG-PSOE - ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA

## ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2022
2. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO USO E DESFRUTE DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS ANEXAS

## DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2023/G010/000019 e identificado pola pegada dixital:

**a5961ccac878b39decffe222599c56d4b446a31112a113da7fb24613cf00203d**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=yM60H-GAabo>**

## ACORDOS

### **1 APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2022**

Dáse lectura da proposta presentada:

O expediente da Conta Xeral do Concello de Rianxo de 2022 consta elaborado, de acordo coas normas incluídas na Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, que comezou a aplicarse na contabilidade deste ano. A Intervención Municipal emitiu o seu informe a este documento o 28/07/2023.

O 07/09/2023 a Comisión Especial de Contas ditaminou favorablemente a Conta Xeral, despois de que transcorrese o prazo de 15 días hábiles desde a súa posta a disposición, de acordo co artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

O 11/09/2023 publicouse no BOP núm. 173 o anuncio de exposición pública da Conta Xeral, data a partir da cal iniciouse o período de exposición pública de 15 días hábiles para a presentación de reclamacións, reparos ou reclamacións.

O 03/10/2023 rematou o período de exposición pública sen que se prestasen alegacións, de acordo co certificado da Secretaría do 05/10/2023, polo que non é preciso un novo ditame da Comisión Especial de Contas.

Polo tanto, o trámite seguinte é o da súa aprobación plenaria segundo o artigo 212.4 do texto refundido da Lei das facendas locais, co fin de remitila ao órgano de control externo antes do 16/10/2023.

Á vista dos antecedentes, PROPOÑO

PRIMEIRO

Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2022 do Concello de Rianxo nos termos e coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO

Unha vez aprobada, remitirla ao Consello e ao Tribunal de Contas para a súa fiscalización, de acordo cos artigos 212 e 223 do texto refundido da Lei das facendas locais.

TERCEIRO

Darlle traslado deste acordo á Intervención Municipal para proseguir cos trámites de remisión ao Consello e ao Tribunal de Contas.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (4 dos membros do grupo de REC, 3 dos membros do grupo PSOE, 2 dos membros do grupo BNG), e 4 abstencións (4 dos membros do grupo PP); dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## **2 APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO USO E DESFRUTE DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS ANEXAS**

EXPEDIENTE: 2023/G014/000003

Dáse lectura da proposta presentada:

O servizo público da piscina municipal, e das súas instalacións anexas, xestiónase de maneira indirecta, de conformidade co artigo 85 apartado 2b) da LRBRL, mediante contrato de xestión de servizo público, na modalidade de concesión., previsto no artigo 19.1a) do TRLCSP (derrogada na actualidade).

A remuneración do contratista pola xestión do servizo efectúase mediante a taxa que abonan os usuarios, e que se cuantificou de acordo co estudo económico financeiro do servizo efectuado polo servizo de deportes do concello, e mediante un canon anual que garante o equilibrio económico financeiro da concesión.

O artigo 4 do Prego de Cláusulas administrativas Particulares permite a revisión de prezos, nos termos seguintes: “O contrato que se formalice entenderase convidado a risco e ventura do adxudicatario, sen que este poida solicitar alteración de prezos ou indemnización; salvo nos casos legalmente previstos.

Agora ben, de conformidade co artigo 89 do TRLCSP, transcorrido un ano dende a formalización do contrato e sen necesidade de estar executado o 20% do seu importe, por estarmos ante un contrato de xestión dun servizo público, poderá o contratista solicitar, e o Concello acordar a revisión do seu prezo.

Esta revisión efectuarase por referencia ao IPC experimentado durante o período anual anterior, segundo os datos que publique o Instituto Nacional de Estatística ou organismo oficial que o substitúa, referido a data de adxudicación do contrato, de data a data e subsidiariamente de mes a mes. De conformidade co artigo 90.3 TRLCSP a revisión será do 85 por cento de variación experimentada polo dito índice, procedéndose deste xeito ao incremento do prezo do contrato.

Así mesmo e co mesmo límite do 85% do indicado IPC poderá revisarse á baixa o prezo cando o IPC sexa negativo.”

Considerando a proposta do Concelleiro de Facenda, e visto o informe aclaratorio da tesoureira municipal no que se advirte que a natureza xurídica da contraprestación polo uso e desfrute da piscina municipal non é o de taxa, senón o de prestación patrimonial de carácter público non tributario.

Visto o artigo 31.3 da Constitución Española que contempla que “solo poderán establecerse prestacións persoais ou patrimoniais de carácter público conforme á lei”, e dado que o apartado 6 do artigo 20 do TRLRFL confire esa cobertura legal, ao dispor que “sen prexuízo do establecido no artigo 103 da Lei de Contratos do Sector Público, as contraprestacións económicas a que se refire este apartado se regularán mediante ordenanza.

Ao abeiro do exposto, e de acordo coas atribucións que me confire a lexislación de réxime local, someto a ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

#### PRIMEIRO

Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo da piscina municipal e instalacións anexas, segundo Anexo I que se achega á presente.

#### SEGUNDO

Someter este acordo a información pública e á audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de edictos do concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar as reclamacións ou suxerencias que consideren

oportunas, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias dentro do prazo, considerarase aprobado definitivamente o acordo, sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza no portal web do Concello de Rianxo.

## **ANEXO I**

### **ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS ANEXAS**

Artigo 1. Fundamentos e natureza.

En exercicio da potestade atribuída no art. 20.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece as prestacións patrimoniais de carácter público non tributario do servizo de xestión da piscina municipal e das instalacións anexas, que se presta en réxime de concesión de servizo público.

Artigo 2. Nacemento da obriga.

A obriga do pago da prestación patrimonial de carácter público non tributaria regulada na presente ordenanza está constituída pola prestación dos servizos que se detallan no artigo 5, referidos ao uso e desfrute da piscina municipal e instalacións anexas.

Artigo 3. Suxeito activo.

O suxeito activo desta prestación é a empresa concesionaria do contrato de xestión de servizo público da piscina climatizada e das instalacións anexas do Concello de Rianxo.

Artigo 4. Obrigados ao pago.

Son obrigados ao pago as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación dos diferentes servizos que se detallan no artigo 5.

Artigo 5. Pagamento.

A obriga de pago da prestación patrimonial nace cando se inicie a prestación do servizo.

Artigo 6. Tarifas.

A cota que corresponda abonar pola prestación de cada un dos servizos aos que se refire esta Ordenanza determinarase segundo cantidade fixa que se indica nas seguintes tarifas:

#### **1.- Cotas de Inscripción: (tarifa única)**

Inscripción abonado	27,59€
---------------------	--------

Inscripción curso (non abonado)	22,07€
---------------------------------	--------

Observacións:

- Os usuarios que se inscriban como abonados por primeira vez, ou tras unha baixa previa, pagarán unha cota en concepto de matrícula.
- A inscrición en actividades acuáticas das que se oferten, suporá o pago dunha cota en concepto de matrícula.
- As cotas de inscrición non son rateables.

## 2.- Abonado (tarifa mensual)

Adulto	27,59€
Individual menor de idade	17,65€
Individual horario de mañá	16,53€
Individual xubilado, pensionista, discapacitado	13,24€
Matrimonio de xubilados e/ou pensionistas	19,85€
Familiar (unidade familiar con fillos menores de idade)	33,09€
Suplemento por fillo estudante entre 18 e 24 anos	9,92€

Observacións:

- Os usuarios que accedan a esta modalidade teñen acceso ós servizos que se relacionan tódolos días sen límite de tempo:

1. Piscina climatizada: baño libre nas rúas destinadas para tal uso
2. Zona SPA e zona e relaxación
3. Sala de Fitness
4. Actividades físico- deportivas dirixidas

5. Ademais ten prioridade nas actividades acuáticas, de saúde, etc, cunha redución de tarifa de ata un 50%.

- Abonado FAMILIAR:

1. Os membros que formen o socio familiar teñen as mesmas vantaxes e obrigas que o socio individual.
2. Os fillos poderán formar parte do abono mentres non cumpran os 18 anos.

3. No intre do cumprimento de dita idade, teranse que aboar de forma individual, acolléndose as posibilidades existentes.

4. Para acollerse o abono Familiar, é necesario a presentación da fotocopia do libro de familia. O cambio de situación familiar traerá consigo a perda de dito abono.

● Abonado nas categorías de: ESTUDANTE ENTRE 18 e 24 ANOS; MATRIMONIO DE XUBILADOS ou PENSIONISTAS; XUBILADO, PENSIONISTA; PERSOAS CON DISCAPACIDADE:

1. Para acollerse a estes abonos será obrigatorio aportar os documentos acreditativos.

2. No caso da terceira idade será obrigatorio teren cumpridos máis de 60 anos, ou presentar xustificante de ser pensionista.

3. Para os estudantes será obrigatorio a presentación do carné de estudante, ou no seu defecto, unha copia do pago da matrícula do ano académico correspondente á data de alta.

4. Do mesmo xeito, os discapacitados deberán acreditar os documentos que demostren a súa condición.

### 3.- Entradas puntuais:

Piscina	5,50€
Piscina colectivos especiais e infantil	3,30€
Sala Fitness adulto	6,60€

Observacións:

Os usuarios que accedan a esta modalidade teñen dereito por sesión, a utilizar por libre a piscina.

### 4.- Reservas: (tarifas por hora)

Uso dunha rúa da piscina/hora	23,16€
Uso da piscina para competicións/hora	321,06€

Observacións:

A tarifa correspóndense coa reserva- alugamento dunha hora de uso da piscina que sexa solicitada polos distintos clubs e asociacións interesadas, para realización de actividades deportivas. Os clubs e asociacións poderán establecer convenios co Concello de Rianxo ou empresa concesionaria para a redución das tarifas. Correspóndelle o Concello de Rianxo ou empresa concesionaria o establecemento da porcentaxe de redución na tarifa.

### 5.- Actividades acuáticas: (tarifa mensual)

Infantil e xuvenil	Abonados	Non abonados
1 día/semana	9,92€	19,85€
2 días/semana	18,76€	37,52€

Adultos	Abonados	Non abonados
1 día/semana	9,92€	19,85€
2 días/semana	18,76	37,52€
3 días/semana	26,48€	52,97€

Bebés	Abonados	Non abonados
1 día/semana	13,24€	26,48€

Cursos intensivos verán	Abonados	Non abonados
Quincena (1 sesión diaria)	19,85€	39,73€

#### Observacións:

Este usuario é aquel que asiste á instalación regularmente porque está inscrito a unha actividade acuática dirixida con monitor, e que unha vez finalizada abandona a instalación. Só ten acceso á súa actividade, nos días e horas contratadas. Aos socios- abonados realizaráselles un desconto de ata 50% en todos as actividades acuáticas.

A estes importes a empresa concesionaria debe aplicar aos usuarios o IVE que corresponda.

#### Artigo 7. Normas de xestión e ingreso

O pago da tarifa deberá efectuarse cando se solicite o servizo sen cuxo requisito non se efectuará o referido servizo.

Todo usuario que ingresa na instalación e inscríbese por primeira vez como socio- abonado para calquera dos servizos prestados nas instalacións da Piscina Municipal, abonará unha cota en concepto de matrícula.

O pago da tarifa efectuarase no momento de entrar no recinto da Piscina Municipal, cando se trate de entradas puntual-diarias para non abonados.

Os abonos individuais e familiares poderán ser pagados en calquera das contas bancarias que teña aberta o Concello ou ben a empresa Concesionaria.

Cando por causas non imputables o suxeito pasivo e debidamente documentadas, o servizo non se preste ou desenvolva, procederase a devolución do importe correspondente, agás os períodos de peche obrigados.



## Artigo 8. Concertos

As persoas naturais ou xurídicas, así como as entidades, organismos, asociacións, federacións ou clubs, que organicen actos ou utilicen as instalacións obxecto desta Ordenanza con carácter periódico e para realización de actividades deportivas nas que estean federadas, poderán solicitar o correspondente concerto económico coa empresa concesionaria.

As condicións do mesmo serán fixadas, en todo caso, de acordo co procedemento legalmente establecido e a aprobación destes concertos corresponderá o Concello de Rianxo ou empresa concesionaria, previa petición por escrito motivado explicando para qué actividades se aplicaría.

O concerto poderá establecer unha redución das tarifas da presente ordenanza, correspondendo ao establecemento da porcentaxe de redución o concello de Rianxo ou empresa Concesionaria.

## Disposición Derrogatoria

A partires da data de aplicación da presente Ordenanza quedará derogada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización de servizos e instalacións da Piscina Municipal.

## Disposición Final

A presente ordenanza publicarase de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da mesma norma; e aplicarase en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión Extraordinaria do día 05/10/2023.

## **DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA**

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 4 votos a favor (2 Concelleiro/a do PSOE, 2 concelleiro/a de Rianxo en Común), 1 abstencións da concelleira do BNG e 2 votos en contra (2 concelleiros/as do PP), dos 7 concelleiros/as presentes, dos 7 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

### PRIMEIRO

Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo da piscina municipal e instalacións anexas, segundo Anexo I que se achega á presente.

## SEGUNDO

Someter este acordo a información pública e á audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de edictos do concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar as reclamacións ou suxerencias que consideren oportunas, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias dentro do prazo, considerarase aprobado definitivamente o acordo, sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza no portal web do Concello de Rianxo.

## ANEXO I

### **ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS ANEXAS**

Artigo 1. Fundamentos e natureza.

En exercicio da potestade atribuída no art. 20.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece as prestacións patrimoniais de carácter público non tributario do servizo de xestión da piscina municipal e das instalacións anexas, que se presta en réxime de concesión de servizo público.

Artigo 2. Nacemento da obriga.

A obriga do pago da prestación patrimonial de carácter público non tributaria regulada na presente ordenanza está constituída pola prestación dos servizos que se detallan no artigo 5, referidos ao uso e desfrute da piscina municipal e instalacións anexas.

Artigo 3. Suxeito activo.

O suxeito activo desta prestación é a empresa concesionaria do contrato de xestión de servizo público da piscina climatizada e das instalacións anexas do Concello de Rianxo.

Artigo 4. Obrigados ao pago.

Son obrigados ao pago as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación dos diferentes servizos que se detallan no artigo 5.

Artigo 5. Pagamento.

A obriga de pago da prestación patrimonial nace cando se inicie a prestación do servizo.

Artigo 6. Tarifas.

A cota que corresponda abonar pola prestación de cada un dos servizos aos que se refire esta Ordenanza determinarase segundo cantidade fixa que se indica nas seguintes tarifas:

### 1.- Cotas de Inscripción: (tarifa única)

Inscripción abonado	27,59€
Inscripción curso (non abonado)	22,07€

Observacións:

- Os usuarios que se inscriban como abonados por primeira vez, ou tras unha baixa previa, pagarán unha cota en concepto de matrícula.
- A inscrición en actividades acuáticas das que se oferten, suporá o pago dunha cota en concepto de matrícula.
- As cotas de inscrición non son rateables.

### 2.- Abonado (tarifa mensual)

Adulto	27,59€
Individual menor de idade	17,65€
Individual horario de mañá	16,53€
Individual xubilado, pensionista, discapacitado	13,24€
Matrimonio de xubilados e/ou pensionistas	19,85€
Familiar (unidade familiar con fillos menores de idade)	33,09€
Suplemento por fillo estudante entre 18 e 24 anos	9,92€

Observacións:

- Os usuarios que accedan a esta modalidade teñen acceso ós servizos que se relacionan tódolos días sen límite de tempo:

1. Piscina climatizada: baño libre nas rúas destinadas para tal uso
2. Zona SPA e zona e relaxación
3. Sala de Fitness
4. Actividades físico- deportivas dirixidas
5. Ademais ten prioridade nas actividades acuáticas, de saúde, etc, cunha redución de tarifa de ata un 50%.

- Abonado FAMILIAR:

1. Os membros que formen o socio familiar teñen as mesmas vantaxes e obrigas que o socio individual.
2. Os fillos poderán formar parte do abono mentres non cumbran os 18 anos.
3. No intre do cumprimento de dita idade, teranse que aboar de forma individual, acolléndose as posibilidades existentes.
4. Para acollerse o abono Familiar, é necesario a presentación da fotocopia do libro de familia. O cambio de situación familiar traerá consigo a perda de dito abono.

● Abonado nas categorías de: ESTUDANTE ENTRE 18 e 24 ANOS; MATRIMONIO DE XUBILADOS ou PENSIONISTAS; XUBILADO, PENSIONISTA; PERSOAS CON DISCAPACIDADE:

1. Para acollerse a estes abonos será obrigatorio aportar os documentos acreditativos.
2. No caso da terceira idade será obrigatorio teren cumpridos máis de 60 anos, ou presentar xustificante de ser pensionista.
3. Para os estudantes será obrigatorio a presentación do carné de estudante, ou no seu defecto, unha copia do pago da matrícula do ano académico correspondente á data de alta.
4. Do mesmo xeito, os discapacitados deberán acreditar os documentos que demostren a súa condición.

### 3.- Entradas puntuais:

Piscina	5,50€
Piscina colectivos especiais e infantil	3,30€
Sala Fitness adulto	6,60€

Observacións:

Os usuarios que accedan a esta modalidade teñen dereito por sesión, a utilizar por libre a piscina.

### 4.- Reservas: (tarifas por hora)

Uso dunha rúa da piscina/hora	23,16€
Uso da piscina para competicións/hora	321,06€

Observacións:

A tarifa correspóndense coa reserva- alugamento dunha hora de uso da piscina que sexa solicitada polos distintos clubs e asociacións interesadas, para realización de actividades deportivas. Os clubs e asociacións poderán establecer convenios co Concello de Rianxo ou

empresa concesionaria para a redución das tarifas. Correspóndelle o Concello de Rianxo ou empresa concesionaria o establecemento da porcentaxe de redución na tarifa.

#### 5.- Actividades acuáticas: (tarifa mensual)

Infantil e xuvenil	Abonados	Non abonados
1 día/semana	9,92€	19,85€
2 días/semana	18,76€	37,52€

Adultos	Abonados	Non abonados
1 día/semana	9,92€	19,85€
2 días/semana	18,76	37,52€
3 días/semana	26,48€	52,97€

Bebés	Abonados	Non abonados
1 día/semana	13,24€	26,48€

Cursos intensivos verán	Abonados	Non abonados
Quincena (1 sesión diaria)	19,85€	39,73€

#### Observacións:

Este usuario é aquel que asiste á instalación regularmente porque está inscrito a unha actividade acuática dirixida con monitor, e que unha vez finalizada abandona a instalación. Só ten acceso á súa actividade, nos días e horas contratadas. Aos socios- abonados realizaráselles un desconto de ata 50% en todos as actividades acuáticas.

A estes importes a empresa concesionaria debe aplicar aos usuarios o IVE que corresponda.

#### Artigo 7. Normas de xestión e ingreso

O pago da tarifa deberá efectuarse cando se solicite o servizo sen cuxo requisito non se efectuará o referido servizo.

Todo usuario que ingresa na instalación e insíbese por primeira vez como socio- abonado para calquera dos servizos prestados nas instalacións da Piscina Municipal, abonará unha cota en concepto de matrícula.

O pago da tarifa efectuarase no momento de entrar no recinto da Piscina Municipal, cando se trate de entradas puntual-diaras para non abonados.

Os abonos individuais e familiares poderán ser pagados en calquera das contas bancarias que

teña aberta o Concello ou ben a empresa Concesionaria.

Cando por causas non imputables o suxeito pasivo e debidamente documentadas, o servizo non se preste ou desenvolva, procederase a devolución do importe correspondente, agás os períodos de peche obrigados.

#### Artigo 8. Concertos

As persoas naturais ou xurídicas, así como as entidades, organismos, asociacións, federacións ou clubs, que organicen actos ou utilicen as instalacións obxecto desta Ordenanza con carácter periódico e para realización de actividades deportivas nas que estean federadas, poderán solicitar o correspondente concerto económico coa empresa concesionaria.

As condicións do mesmo serán fixadas, en todo caso, de acordo co procedemento legalmente establecido e a aprobación destes concertos corresponderá o Concello de Rianxo ou empresa concesionaria, previa petición por escrito motivado explicando para qué actividades se aplicaríaa.

O concerto poderá establecer unha redución das tarifas da presente ordenanza, correspondendo ao establecemento da porcentaxe de redución o concello de Rianxo ou empresa Concesionaria.

#### Disposición Derrogatoria

A partires da data de aplicación da presente Ordenanza quedará derogada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización de servizos e instalacións da Piscina Municipal.

#### Disposición Final

A presente ordenanza publicarase de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da mesma norma; e aplicarase en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

#### Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE, 4 dos membros do grupo Rianxo en Común) 4 votos en contra (4 dos membros do grupo PP) e cero abstencións dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta